


# III Certame de Poesía

Concello de Cabanas



- Categorias: infantil e adulta
- Premios para as persoas gañadoras de cada unha das categorías e agasallo para todas as participantes
- Data límite para a entrega das obras: 10 de maio de 2021
- Anuncio das obras gañadoras: 17 de maio de 2021

Consulta as bases completas en [cabanas.gal](http://cabanas.gal)



**Cabanas**  
CONCELLO



# II Certame de Poesía

## Concello de Cabanas

### Bases

#### Un

O Concello de Cabanas convoca o *II Certame de Poesía* co gallo do Día das Letras Galegas 2021.

A finalidade do certame de poesía é fomentar o uso e o prestixio da lingua galega, así como a de dinamizar o uso escrito do galego a través da expresión artística e a creatividade.

#### Dous

As obras deberán presentarse na modalidade literaria de poesía, e deberán estar escritas de maneira íntegra en lingua galega.

Os poemas serán orixinais, inéditos e non premiados noutros certames ou concursos nas datas anteriores á resolución das persoas gañadoras neste certame. O tema será libre.

Poderán participar no certame todas as persoas que o desexen, de calquera idade e nacionalidade.

#### Tres

Haberá un premio por categoría (composto por un agasallo, un libro de Carvalho Calero e outro da homenaxeada polo día das Letras Galegas 2021, Xela Arias, en correspondencia coas idades de cada categoría), así como un presente para todas as persoas participantes.

As categorías serán as seguintes:

1. Categoría infantil/xuvenil (até os 17 anos).
2. Categoría adulta (de 18 anos en diante).

\*Para o cómputo da idade, establécese como data de referencia o 10 de maio de 2021, día no que finaliza o prazo de entrega dos traballos participantes.

## Catro

O prazo de admisión de orixinais comezará o mércores 28 de abril e rematará ás 23:00 horas do luns 10 de maio de 2021.

As obras presentaranse da seguinte maneira:

As poesías deberán redactarse en lingua galega e a súa temática será libre, á elección das persoas participantes. Os textos deberán ser presentados mecanografados, a un espazo e medio, con formato de fonte Times New Roman, tamaño 12, e como mínimo, coa extensión seguinte dependendo da categoría na que se presenten:

Categoría infantil / xuvenil: 20 versos.

Categoría adulta: 60 versos.

As follas deberán estar paxinadas e sen asinar.

Os textos remitiranse á Área de Normalización Lingüística do Concello de Cabanas, a través do correo electrónico [normalizacion@cabanas.gal](mailto:normalizacion@cabanas.gal) e figurando no asunto o PSEUDÓNIMO da persoa autora. Enviaranse dous arquivos PDF anexos:

O primeiro deles coa ficha de inscrición da persoa participante (última páxina destas bases, e dispoñíbel para descarga na páxina [cabanas.gal](http://cabanas.gal) en formato editábel).

O segundo, co traballo que se presenta ao concurso e que levará o PSEUDÓNIMO e o TÍTULO da obra.

## Cinco

O xurado estará presidido pola concelleira de Normalización Lingüística do Concello de Cabanas e estará formado por outras dúas persoas máis, cuxa identidade será revelada o día do fallo das persoas gañadoras do certame.

## Seis

A decisión do xurado farase pública o luns día 17 de maio de 2021.

## Sete

Tanto o xurado, como a entidade organizadora, están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases.

A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.



## II Certame de Poesía Concello de Cabanas

### Ficha de inscrición

#### Categoría na que participa

|                                  |  |
|----------------------------------|--|
| Infantil / xuvenil (0 – 17 anos) |  |
| Adulta (máis de 18 anos)         |  |

#### Datos da persoa participante

Nome e apelidos:

NIF:

Data de nacemento:

Idade:

Enderezo:

Código Postal:

Localidade:

Teléfono(s) contacto:

Enderezo electrónico:

#### Autorización da persoa representante legal (se a persoa autora é menor de idade).

Relación coa persoa participante (nai, pai, titor, titora...):

Nome e apelidos:

NIF:

Teléfono(s) contacto:

Enderezo electrónico:

Cabanas, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo:

Declaro que a obra presentada é orixinal e inédita, e AUTORIZO ao Concello de Cabanas a publicar e difundir a obra presentada nas súas redes sociais, medios de comunicación, publicacións e outros cos fins propios do certame.

A omisión ou falsidade dos datos ou dos documentos achegados no momento da inscrición poderán ser causa de anulación da mesma. O uso dos seus datos persoais son única e exclusivamente para a relación que se derive da participación nesta actividade, podendo rectificar ou cancelar este dereito en calquera momento.